


PROTOCOLO DE SEGURIDADE NAS ACTIVIDADES DE PESCATURISMO




Mar das Ilhas



PROTOCOLO DE SEGURIDADE NAS ACTIVIDADES DE PESCATURISMO.

Este “PROTOCOLO DE SEGURIDAD NAS ACTIVIDADES DE TURISMO MARIÑEIRO NO ÁMBITO DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA” elabórase enmarcado dentro do proxecto “MAR DAS ILLAS III, Apoio ao Desenvolvemento de Iniciativas Turísticas dende o Sector Pesqueiro” promovido polos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro das Rías Baixas (GALP Ría de Pontevedra, GALP Ría de Vigo-A Guarda e GALP Ría de Arousa), actuando como socios colaboradores o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra e a Asociación Mar Seguro de Galicia.

ÍNDICE DE CONTIDOS

1.- RECOMENDACIÓNS DE SEGURIDADE.

2.- CONDICIÓNS DA ACTIVIDADE.

3.- CHARLA DE SEGURIDADE.

PROTOCOLO DE SEGURIDADE NAS ACTIVIDADES DE PESCATURISMO.

1.- RECOMENDACIÓNS DE SEGURIDADE.

- Accesos para os turistas, incluídas, no seu caso, as persoas con discapacidade. O embarque e desembarque realizarase en todo caso nos portos onde o buque vaia a exercer a súa actividade extractiva principal.
- Medios de seguridade na zona segura para os turistas: piso non escorregadizo e agarradoiras.
- No seu caso, existirán adaptacións para persoas con discapacidade: por exemplo ancoraxes de seguridade para cadeiras de rodas e ramplas de acceso.
- Elementos de salvamento e seguridade: localización, tipoloxía e número*.
 - a. Comportamento en caso de emerxencia (documento redactado)
 - b. Uso do chaleco salvavidas ou dispositivo salvavidas de inflado automático.
 - c. Obriga de uso en cuberta durante a actividade.
- Distribución de espazos na cuberta:
 - d. Espazos habilitados para os turistas.
 - e. Espazos de acceso prohibido: postos de control, espazos de servizo, espazos de máquinas e zonas do buque que entrañen risco durante as manobras.

**En particular, para cada un dos turistas que o buque poida embarcar dispoñerá dun chaleco salvavidas para abandono de buque, correspondente á idade da persoa, excepto en buques de eslora (L) igual ou menor de 12 metros nos que o turista pode levar unicamente o chaleco de inflado automático, así como dunha praza en balsa salvavidas. Mentres permanezan sobre cuberta, os turistas deberán levar posto un chaleco ou dispositivo salvavidas de inflado automático, distinto do chaleco para abandono de buque, que, sen entorpecer os seus movementos, sexa apto para mantelos á boia en caso de caída á auga. Estes chalecos salvavidas levarán incorporada unha radiobaliza persoal que funcione na frecuencia de 121.5 MHz que se activará automaticamente en caso de caída da persoa á auga.*

- Informe favorable: deberase dispoñer en todo momento no buque un documento expedido por Capitanía Marítima que avale o cumprimento do contido do artigo Artigo 6. Condicións de seguridade e habitabilidade para desenvolver pesca-turismo (*RD Real Decreto 239/2019, do 5 de abril, polo que se establecen as condicións para o desenvolvemento da actividade de pesca-turismo*). Este documento, expedido pola capitanía marítima, perderá a súa validez cando calquera das condicións de seguridade e habitabilidade requiridas altérese. Ademais, no certificado de conformidade do buque anotarase que este dispón do informe favorable da capitanía Marítima.
- Cadro de obrigas e instrucións para casos de emerxencias. A tripulación mínima nunca será inferior a 2 tripulantes.

2.- CONDICIÓN DA ACTIVIDADE.

- Antes de embarcar os turistas deben acreditar a súa identidade mediante a presentación do DNI. Previamente deberán anotarase no rol de despacho e dotación e comunicar á capitanía marítima correspondente, utilizando medios telemáticos, o nome, apelidos, DNI ou pasaporte e teléfono dun punto de contacto de cada un dos turistas embarcados.
- Manterase un rexistro en terra dos turistas embarcados mesmos mentres dure a actividade.
- Os turistas*, unha vez embarcados, quedarán sometidos ás normas de seguridade, disciplina e boa orde baixa a autoridade do patrón ou capitán do buque.
- Non se admitirá o embarque de menores de idade sen a autorización por escrito de pais ou titores cando non vaian acompañados por estes.

**Presumirase, salvo proba en contrario, que as persoas embarcadas nun buque pesqueiro que non formen parte da súa tripulación están a participar nunha actividade de pesca-turismo e, en consecuencia, deberase cumprir cos requisitos de seguridade previstos no Real Decreto.*

- Non se admitirá o embarque de persoas que requiran asistencia especial en condicións que non sexan compatibles coa práctica segura da actividade.
- Os turistas non poderán exercer a actividade pesqueira por motivos de seguridade.
- Información sobre a póliza de seguros vixente.
- Información sobre cancelación por motivo de seguridade: O patrón do buque poderá cancelar con antelación, por motivos de seguridade cando así o aconsellen as predicións meteorolóxicas. Así mesmo poderá reducir ou suspender a actividade por motivos de seguridade ou de comportamento inadecuado dos turistas a bordo.

3.- CHARLA DE SEGURIDADE

En cumprimento do *Real Decreto 239/2019, do 5 de abril, polo que se establecen as condicións para o desenvolvemento da actividade de pesca-turismo*, Os turistas que participen nunha actividade de pesca turismo deben recibir unha charla de seguridade previa ao desatraque do buque. Durante esta charla se realizará unha visita polo buque, onde se presentará á tripulación, se mostrarán os elementos de seguridade e sanitarios, se explicarán as normas de comportamento durante o desenrolo da actividade e os procedementos de emerxencia. Esta charla se debe presentar por escrito en castelán e en inglés a Capitanía Marítima xunto co resto da documentación necesaria para solicitar a autorización da actividade de pesca-turismo. Tamén se lle debe dar aos turistas por escrito en inglés e en castelán e o patrón debe asegurarse de que os turistas a comprenden. Para facilitar a súa comprensión o documento que se lles entregue debe ser atractivo e estar enfocado aos turistas.

Expoñemos os contidos que deberá ter este documento:

3.1.- INFORMACIÓN SOBRE BUQUE.

- Tipoloxía e características.
- Nº turistas autorizados a bordo segundo RD 239/2019.
- Informe favorable de Capitanía Marítima.

Tipoloxía e características.

Embarque y desembarque/*Boarding and disembarking*


El embarque y el desembarque son maniobras peligrosas que requieren la máxima atención. Deben seguir las indicaciones dadas por los miembros de la tripulación.

The boarding and disembarking are two dangerous manoeuvres that require maximum attention. You should follow the directions given by the crewmembers.

Características del buque/*Boat characteristics*

É recomendable entregar un plano onde se identifiquen as distintas partes do barco e os elementos de seguridade:

- Lugares seguros de observación durante a navegación e a pesca/*Save observation places during sailing and fishing*
- Extintores/*Fire extinguishers*.
- Balsas salvavidas/*Life rafts*.
- Chalecos salvavidas/*Life jackets*.
- Botiquín/*First aid kit*.
- Puente de mando/*Control bridge*.
- Sala de máquinas/*Engine room*.
- Camarotes/*Cabins*.
- Comedor/*Dining room*.
- Cociña/*Kitchen*.
- Zona de descanso/*Rest zone*.
- Aseos/*Toilet*.



Número de turistas a bordo.

Dacordo co Real Decreto 239/2019, o número máximo de turistas que poden embarcar é:

- 1.º Para buques de ata 8 metros de eslora (L), 2 turistas.
- 2.º Para buques de máis de 8 metros e ata 12 metros de eslora (L), 4 turistas.
- 3.º Para buques de máis de 12 metros e ata 20 metros de eslora (L), 8 turistas.
- 4.º Para buques de máis de 20 metros de eslora (L), 12 turistas.

Informe favorable de Capitanía Marítima.

3.2.- CHARLA DE SEGURIDADE. A principal información que debe conter é a seguinte:

- Realización do embarque.
- Atención e respecto en todo momento as indicacións e explicacións da tripulación.
- Información sobre a tripulación mínima de seguridade coa que debe contar o barco: 2.
- Presentación da persoa que se encargará de atender en todo momento aos turistas.
- Presentación da tripulación que posúe o Certificado de Formación Sanitaria.
- Información de que mentres estean en cuberta, os turistas deberán levar posto o chaleco salvavidas de inflado automático con radiobaliza.
- Información de que o patrón ou algún membro da tripulación deberá comprobar que os chalecos están perfectamente postos e que son axeitados ás tallas de cada turista.
- Información de que os turistas deberán manterse nos lugares habilitados para eles sempre que o indique o patrón ou algún outro membro da tripulación.
- Información das zonas onde está prohibido o acceso durante as manobras que entrañen risco. En todo caso estará prohibido o acceso dos turistas ao posto de control, espazos de servizo e espazos de máquinas.
- Información de que os turistas non poderán exercer a actividade pesqueira.
- Información sobre a cobertura por un seguro de responsabilidade civil de acordo co Real Decreto 239/2019.

- Información de que os menores de idade deberán embarcar acompañados dos seus pais ou tutores ou acudir cunha autorización asinada por eles.
- Prohibición de tirar ao mar calquera tipo de residuos.
- Prohibición de fumar a bordo.
- Protocolo COVID-19.

Procedemento de emerxencias.

Descrición de cómo deben actuar os turistas e a tripulación no caso de:

- Home á auga.
- Abandono do barco.
- Incendio.

Incluir o Protocolo de emerxencia de Salvamento Marítimo. Chamadas de socorro en caso de emerxencia: Persoas que se atopan con problemas a bordo da embarcación: Farase unha chamada de socorro -Canle 16 VHF- explicando a situación en que se atopa ou se emitirá unha alerta Canle 70 VHF ou frecuencia 2.187 kHz en LSD.

Recomendacións.

Convén que, ou ben na charla de seguridade, ou mellor aínda, ao bordo do barco existan carteis coas normas de seguridade e uso dos chalecos. Por exemplo:





Mar das Illas
www.mardasillas.com
info@mardasillas.com



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Pontevedra

Teléfono: 886 21 30 15
Correo electrónico:
gac6@accioncosteira.es



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Vigo - A Guarda

Teléfono: 986 35 81 09
Correo electrónico:
gac7@accioncosteira.es



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Ría de Arousa

Teléfono: 986 51 09 53
Correo electrónico:
gac5@accioncosteira.es



Grupos de
Acción
Local do sector
Pesqueiro



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e da Pesca
(FEMP)